




CONCELLO
A GUARDA
(PONTEVEDRA)



**Asunto: Urbanización rúa Concepción Arenal (2º treito)
A Guarda**

Alomenos en tres ocasións (febreiro de 2009, marzo de 2010 e outubro de 2013) solicitei en carta ó Sr. Presidente da Deputación a urbanización do treito alto (o que vai entre rúa Galicia e rúa Dguez. Fontenla) da rúa Concepción Arenal. Mesmo en abril de 2013 foi entregado nesa Deputación o proxecto de "Mellora e Urbanización da rúa Concepción Arenal", redactado por un técnico municipal. Importante é destacar que Concepción Arenal é o único vial de titularidade provincial que hai no noso termo municipal.

Por toda resposta a esta repetida e importante demanda produciuse un escrito no que o Director de Infraestructuras do ente provincial reconece, en marzo do 2013, que no seu momento quedou pendente de executar un treito de 200 m. aproximadamente, entre rúa Galicia e Dguez. Fontenla. Como lle apuntaba no escrito aludido de outubro 2013, "a urxencia de que se faga a obra radica non só no estado das beirarrúas, iluminación e capa de rodadura, senón que a falla de canalización de augas pluviais neste tramo impide que o Concello poida conectar o resto de rúas de titularidade municipal que teñen pluviais e evitar así que, como acontece na actualidade, acaben na depuradora".

Ademais, o treito urbanizado hai anos (entre Dguez. Fontenla rúa do Portro) ten o firme de rodadura moi descomposto polo que precisa, según o parecer dos nosos técnicos, dun urxente asfaltado.

Unha vez máis solicítolle encarecidamente que se leven a cabo as dúas obras solicitadas: a urbanización do treito alto, xa solicitada en escritos anteriores, e o asfaltado do treito executado hai anos. Concepción Arenal é unha das tres rúas máis transitadas do pobo tanto por peóns como por vehículos e sen dúbida a máis comercial da vila.

A Guarda, 15 de xaneiro de 2015

O Alcalde

José Manuel Domínguez Preitas


**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL
PONTEVEDRA**



C O N C E L L O

A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

D. Rafael Louzán Abal
Presidente da Deputación
PONTEVEDRA

Estimado Presidente:

A Guarda, 23 de outubro de 2013




O pasado mes de abril foi entregado en Deputación o proxecto de "Mellora e Urbanización da rúa Concepción Arenal", redactado por un técnico deste concello, sen que a día de hoxe houbera resposta algunha.

Hai anos que dende esta institución municipal solicitamos que a Deputación afronte a urbanización do tramo superior desta rúa que como recoñece o propio director de infraestructuras desa institución, en escrito de 29 de marzo, non se executou no seu momento o tramo duns 200 metros entre rúa Galicia e rúa Domínguez Fontenla.

A urxencia de que se faga a obra radica non só no estado das beirarrúas, iluminación e capa de rodadura, senón que a falla de canalización de augas pluviais neste tramo impide que o concello poida conectar o resto de rúas de titularidade municipal que teñen pluviais e evitar así que, como acontece na actualidade, acaben na depuradora.

Agardo que non se demore o inicio dunhas obras tan necesarias na única rúa de titularidade provincial que hain este concello.

Un atento saúdo,


José Manuel Domínguez Freixas
Alcalde de A Guarda



D. Rafael Louzán Abal
Presidente da Deputación
PONTEVEDRA

A Guarda a 23 de abril de 2012

Prezado Presidente:

Con data 4 de marzo de 2010 R.S. 1174 dirixínlle un escrito a vostede solicitando a urbanización do tramo pendente da rúa Concepción Arenal de titularidade provincial que discurre dende a rúa Galicia ata o cruce coa rúa Canónigo Domínguez Fontela. No mesmo escrito (adxunto copia) argumentaba as razóns que xustificaban a necesidade de acometer as referidas obras.


Con data 14 de abril do mesmo ano, R.S. desa Deputación 04570, recibíuse neste Concello un escrito dirixido a min asinado polo Director de Infraestructuras en funcións D. José Manuel González Juanatey no que nos daba conta do informe emitido polo Enxeñeiro Técnico Xefe da Zona Sur sobre a mencionada rúa. Ese informe (adxunto copia) consideraba necesaria a citada actuación que había quedado pendente na realizada por esa Deputación fai uns anos, manifestando que quedaba a espera de que se lle encargase a redacción do correspondente proxecto.

As razóns apuntadas naquela agraváronse como é lóxico despois de tres anos e atópase nunhas condicións deplorables sobre todo para o tránsito de peóns, pero ademais, necesitamos con urxencia dotar este tramo da rúa Concepción Arenal de rede de augas pluviais para así conectar o colector da rúa Galicia, que recolle as augas pluvias de varias rúas, co tramo xá urbanizado pola Deputación fai uns anos.

Por todas estas razóns, o pasado día 19 presentamos no rexistro da Deputación un proxecto redactado polo aparellador municipal que ademais da urbanización do mencionado tramo contempla a reposición de firme en determinados puntos da zona que se atopa moi deteriorado, como ben sabe o deputado Pablo Baquero.

Prégolle, pois, que por parte desa Presidencia se den as instruccións precisas para levar a cabo as obras a maior brevidade posible.

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo.



CONCELLO
José Manuel Domínguez Freitas
Alcalde de A Guarda
A GUARDA
PONTEVEDRA



C O N C E L L O

A GUARDA

(PONTEVEDRA)

D. Rafael Louzán Abal
Presidente da Deputación
PONTEVEDRA

A Guarda, 4 de marzo de 2010



Prezado Presidente:

A rúa Concepción Arenal, rúa de baixada ó porto de A Guarda, é de propiedade e competencia da Deputación Provincial. Según os antecedentes que hai neste Concello é a única estrada ou rúa que é propiedade e competencia da mesma.

Na anterior lexislatura, e por parte da administración que Vde. representa, levouse a cabo unha nova urbanización da rúa. Aínda que en principio no proxecto se contemplaba a totalidade da mesma (dende o cruce coa rúa Galicia ata a rúa do Porto) , a obra realmente executada foi menor. Os primeiros 200 metros, aproximadamente, que van dende o cruce con rúa Galicia ata o cruce con Canónigo Dguez. Fontenla quedaron sen urbanizar.

O estado que presentan as beirarrúas hoxe, nese treito de 200 metros, é moi malo. Aparte de estreitas, están coas baldosas hidráulicas todas rotas e o firme da calzada necesita tamén reposición. Cando dentro dunhas semanas as obras da rúa Galicia estean rematadas, e dado que o treito grande de Concepción Arenal tamén está urbanizado, só quedaria, no contorno, este tramo de 200 metros por urbanizar. Está ademais, como seguramente ben sabe, na zona máis concurrida e comercial de A Guarda.

Polo mal estado que presenta e polo contorno no que se enmarca, este tramo inicial da rúa Concepción Arenal precisa, con carácter prioritario, obras de urbanización. Prégolle, pois, que por parte da Deputación se acometan as obras solicitadas á maior brevidade posible.

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo,



Manuel Domínguez Freitas
Alcalde de A Guarda

Nota.- Acompaño reportaxe fotográfica que demostra o estado actual da rúa Concepción Arenal neste zona e plano de situación.




C O N C E L L O

A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

A Guarda, 2 de febreiro de 2009



D. Rafael Louzán Abal
Presidente da Deputación de Pontevedra

Estimado Presidente:

A rúa Concepción Arenal, que parte da rúa Galicia e remata no porto da Guarda, é de competencia da Deputación Provincial. Hai un par de anos urbanizouse un treito da mesma, o que vai dende a praza de Avelino Vicente ata o mencionado porto.

O treito superior, o que vai dende o cruce coa rúa Galicia ata a praza de Avelino Vicente, non se urbanizou de novo naquel entón a pesar de que seguramente xa o precisaba.

Nestes dous últimos anos, ademais dos cortes producidos por conexións eléctricas, de auga ou de alcantarillado, téñense levado a cabo por parte da empresa "R" obras de cableado que levan consigo cortes no pavimento. A día de hoxe, o estado que presenta o firme deste tramo superior, por mor de tantos cortes, é lamentable, e coidamos que non se vai arranxar con asfaltados parciais.

Sería bo sumar esforzos. Pensamos, pois, que entre o que tería que sufragar "R" e unha aportación da Deputación podería devolvérselle á rúa Concepción Arenal, neste treito, o aspecto que presentaba hai anos. Pénsese que esta rúa é, xunto coa rúa Galicia, a arteria principal do casco da Guarda.

Solicítolle que, tendo en conta a presente solicitude, sume esforzos con "R" para que, foito desa colaboración, se poida pavimentar o treito aludido de Concepción Arenal.

Reciba un atento saúdo,

O Alcalde,

José Manuel Domínguez Freitas